

ANEXO I

TÁBOA DE AVALIACIÓN DA PRODUCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS DE NIVEL C2

NOME:	Gravadora:	Pista:	Ficha:	PUNTUACIÓN: / 25
Administrador/a:				DATA:
Avaliador/a:				

EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN		FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
TAREFA 1	TAREFA 2			
5 puntos	5 puntos	2,5 puntos	2,5 puntos	2,5 puntos
<ul style="list-style-type: none"> • Elabora o tema principal de forma destacable, integra subtemas e remata cunha conclusión eficaz. • Organiza a intervención dunha forma lóxica e eficaz que axuda a fixarse nas ideas importantes e lembralas, con detalles e exemplos significativos. • Usa unha moi ampla variedade de estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión de forma eficaz. • Adopta un nivel de formalidade moi axeitado e natural. 	<ul style="list-style-type: none"> • Trata o tema principal de forma precisa e equilibrada, resaltando matices e baseándose nos textos para orientar a interacción. • Expón a súa postura argumentando e contraargumentando de forma ben organizada, diplomática e persuasiva. • Relaciona habilmente, con naturalidade e flexibilidade, a súa contribución coa dos interlocutores. • Introduce as súas intervencións con flexibilidade e naturalidade, facendo un uso eficaz da quenda de palabra. • Adopta un nivel de formalidade moi axeitado e natural. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exprésase con total fluidez, espontaneidade e naturalidade. • Pronuncia de forma totalmente clara e natural. • Varía a entoación e a énfase para expresar matices sutís de significado e axuda a fixarse nos elementos significativos e lembralos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra total dominio gramatical dun nivel de lingua complexo de forma natural. • Exprésase con corrección e sen erros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Domina un repertorio léxico moi variado e preciso, sen incorreccións. • Exprésase sen limitacións, con naturalidade e flexibilidade; transmite matices sutís de significado. • Destaca no uso de expresións fixas ou idiomáticas.
4 puntos	4 puntos	2 puntos	2 puntos	2 puntos
<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolve o tema principal de forma elaborada, integra subtemas e remata cunha conclusión eficaz. • Organiza a intervención dunha forma lóxica e eficaz que axuda a fixarse nas ideas importantes e lembralas, con detalles e exemplos relevantes. • Usa unha ampla variedade de estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión de maneira adecuada. • Adopta un nivel de formalidade axeitado e natural. 	<ul style="list-style-type: none"> • Trata o tema principal de forma precisa, resaltando matices e utilizando os textos como referencia. • Expón a súa postura argumentando e contraargumentando de forma clara, ben organizada e convincente. • Relaciona habilmente, con naturalidade, a súa contribución coa dos interlocutores. • Introduce as súas intervencións con naturalidade, facendo un uso eficaz da quenda de palabra. • Adopta un nivel de formalidade axeitado e natural. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exprésase con moita fluidez e espontaneidade, sen esforzo ningún. • Pronuncia de forma clara e moi natural. • Varía a entoación e a énfase para expresar matices sutís de significado. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra un consistente dominio gramatical dun nivel de lingua complexo. • Exprésase con corrección e case non presenta erros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Domina un repertorio léxico moi variado e preciso, case sen incorreccións. • Exprésase sen limitacións, con naturalidade e flexibilidade; transmite diferentes matices de significado. • Utiliza axeitadamente expresións fixas ou idiomáticas.
2 puntos	2 puntos	1 punto	1 punto	1 punto
<ul style="list-style-type: none"> • Describe o tema principal de forma xeral sen integrar subtemas OU sen rematar cunha conclusión adecuada. • Desenvolve as súas ideas, apoiando os seus argumentos con detalles e exemplos pouco relevantes. • Usa estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión con pouca variedade. • Adopta un nivel de formalidade axeitado en xeral, con algunha vacilación ou falta de claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Trata o tema principal de forma xeral, utilizando só algún dos textos como referencia. • Expón a súa postura, responde a preguntas e comentarios pero non sempre contraargumenta adecuadamente. • Apenas relaciona a contribución coa dos interlocutores. Introduce as súas intervencións co fin de tomar a palabra ou gañar tempo para mantela mentres pensa, pero non sempre con soltura. • Adopta un nivel de formalidade axeitado en xeral, con algunha vacilación ou falta de claridade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exprésase con fluidez, case sen esforzo. • Pronuncia de forma clara e natural en xeral. • Apenas varía a entoación e a énfase para matizar o que quere dicir. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega un número limitado de recursos morfosintácticos complexos. • Presenta algunhas incorreccións e, en xeral, corríxeas cando aparecen. 	<ul style="list-style-type: none"> • Usa un repertorio léxico amplo, con incorreccións esporádicas. • Exprésase con algunha limitación, con dificultade para transmitir diferentes matices de significado.
0 puntos				
• Capacidade comunicativa limitada		• Mostra de lingua insuficiente		• A produción non se corresponde coa tarefa
Tarefa 1: _____ /5	Tarefa 2: _____ /5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5	Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5

	EFICACIA COMUNICATIVA E ADECUACIÓN	FLUIDEZ, PRONUNCIA E ENTOACIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
T A R E F A 1				
T A R E F A 2				

ANEXO III

TÁBOA DE AVALIACIÓN DA PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS DE NIVEL C2

NOME:

Puntuación: / 25

Avaliador/a 1:

Avaliador/a 2:

EFICACIA COMUNICATIVA	ADECUACIÓN	ORGANIZACIÓN E COHESIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
<p>2,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Desenvolve os puntos de forma elaborada e precisa. · Destaca ideas complexas, integrando subtemas e apoiándoas con detalles e exemplos relevantes, de forma destacable. · Expresa as súas ideas de forma clara, precisa e lóxica. 	<p>2,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · O estilo é apropiado, eficaz e natural. · O rexistro é axeitado e moi natural. · O formato axústase á tipoloxía de texto. · A extensión é adecuada. 	<p>2,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Usa unha moi ampla variedade de estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión de forma eficaz. · Presenta unha distribución en parágrafos idónea, lóxica e eficaz, que facilita a comprensión. · A puntuación é correcta. 	<p>2,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Mostra total dominio gramatical dun nivel de lingua complexo de forma natural. · Exprésase con corrección e sen erros. 	<p>2,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Domina un repertorio léxico moi variado e preciso, sen incorreccións. · Exprésase sen limitacións, con naturalidade e flexibilidade; transmite matices sutís de significado. · Destaca no uso de expresións fixas ou idiomáticas.
<p>2 puntos</p>	<p>2 puntos</p>	<p>2 puntos</p>	<p>2 puntos</p>	<p>2 puntos</p>
<p>1,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Desenvolve os puntos con precisión. · Destaca as ideas máis importantes, integra subtemas e pequenos matices, de forma que axuda a fixarse no esencial. · Expón as súas ideas de forma clara e convincente, apoiándoas con detalles e exemplos relevantes. 	<p>1,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · O estilo é convincente e natural. · O rexistro é axeitado e natural. · O formato axústase á tipoloxía de texto. · A extensión é adecuada. 	<p>1,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Usa unha ampla variedade de estruturas organizativas, conectores e mecanismos de cohesión de maneira adecuada. · Presenta unha distribución en parágrafos lóxica e eficaz, que axuda á comprensión. · A puntuación é axeitada. 	<p>1,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Mostra un consistente dominio gramatical dun nivel de lingua complexo. · Exprésase con corrección e case non presenta erros. 	<p>1,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Domina un repertorio léxico moi variado e preciso, case sen incorreccións. · Exprésase sen limitacións, con naturalidade e flexibilidade; transmite diferentes matices de significado. · Utiliza axeitadamente expresións fixas ou idiomáticas.
<p>1 punto</p>	<p>1 punto</p>	<p>1 punto</p>	<p>1 punto</p>	<p>1 punto</p>
<p>0,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Non desenvolve os puntos con contido axeitado. · Trata o tema principal de forma xeral sen integrar subtemas, con detalles ou exemplos pouco relevantes. · Expón as ideas de forma pouco clara. 	<p>0,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Non se axusta á extensión requirida ($\pm 15\%$). OU · O estilo é, ocasionalmente, pouco axeitado. · O rexistro é, ocasionalmente, pouco axeitado. · O formato non é adecuado. 	<p>0,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Usa estruturas organizativas apropiadas en xeral. · Fai un uso correcto, pero pouco variado de conectores e outros mecanismos de cohesión. · Presenta unha distribución en parágrafos pouco eficaz. · Fai un uso axeitado da puntuación, con descoidos. 	<p>0,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Emprega un número limitado de recursos e estruturas morfosintácticas complexas. · Exprésase con certa corrección, aínda que presenta erros. 	<p>0,5 puntos</p> <ul style="list-style-type: none"> · Usa un repertorio léxico amplo, con incorreccións esporádicas. · Exprésase con algunha limitación e con dificultade para transmitir diferentes matices de significado.
<p>0</p> <ul style="list-style-type: none"> · Capacidade comunicativa limitada. · Mostra de lingua insuficiente. · A produción non se corresponde coa tarefa. 	<p>0</p> <ul style="list-style-type: none"> · Capacidade comunicativa limitada. · Mostra de lingua insuficiente. · A produción non se corresponde coa tarefa. 	<p>0</p> <ul style="list-style-type: none"> · Capacidade comunicativa limitada. · Mostra de lingua insuficiente. · A produción non se corresponde coa tarefa. 	<p>0</p> <ul style="list-style-type: none"> · Capacidade comunicativa limitada. · Mostra de lingua insuficiente. · A produción non se corresponde coa tarefa. 	<p>0</p> <ul style="list-style-type: none"> · Capacidade comunicativa limitada. · Mostra de lingua insuficiente. · A produción non se corresponde coa tarefa.
<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>	<p>Tarefa 1: _____ /2,5 Tarefa 2: _____ /2,5</p>

	EFICACIA COMUNICATIVA	ADECUACIÓN	ORGANIZACIÓN E COHESIÓN	RIQUEZA E CORRECCIÓN GRAMATICAL	RIQUEZA E CORRECCIÓN LÉXICA
T A R E F A 1					
T A R E F A 2					

ANEXO VII

Táboa de avaliación holística Nivel C2

APTO/A	<ul style="list-style-type: none">• Desenvolve temas complexos de forma elaborada e organizada, de maneira que axuda a fixarse nas ideas importantes e lembradas.• Argumenta de forma precisa e convincente e relaciona habilmente e con naturalidade as súas intervencións coas dos/as interlocutores/as.• Exprésase cun alto grao de fluidez, espontaneidade e corrección, sen esforzo.• Emprega a lingua con flexibilidade e eficacia para engadir matices ao que quere dicir.
NON APTO/A	<ul style="list-style-type: none">• Fai descrições sobre temas complexos que inclúen outros temas, pero de forma pouco organizada.• Formula ideas e opinións e relaciona as súas intervencións coas dos/as interlocutores/as, pero con pouca naturalidade.• Exprésase con fluidez, espontaneidade e corrección, con algún esforzo.• Emprega a lingua con certa flexibilidade e eficacia.